

Propostas finais de CIG-Saúde para un acordo sobre condicións de traballo en PACs

Como expresamos na reunión da mesa sectorial celebrada onte, a última proposta presentada polo Sergas sobre as condicións de traballo en PACs contén algúns elementos que nos impiden coincidir con ela. Pola contra, tendo en conta o nulo marxen de manobra que a Administración ofreceu na discusión da mesa, queremos poñer por escrito algunhas consideracións sobre os contidos da súa proposta que en caso de aceptarse permitirían a incorporación da CIG a un acordo sobre esta materia.

1. Xornada Ordinaria

Ano 2008, con efectos do 1/1, 1500 horas

Ano 2009, con efectos do 1/7, 1430 horas

2. Xornada Complementaria

Precisar no texto os seguintes criterios básicos:

- a comisión de seguimento definirá os tramos de horas para a oferta de voluntariedade, entre un tramo mínimo que non superará as 230 horas e un tramo máximo que non superará as 660
- tendo en conta que a xornada complementaria voluntaria terá como finalidade principal garantir a cobertura da prestación necesaria en horario PAC, os plans funcionais (que deberán ser determinados por negociación entre as xerencias e as comisións de centro) definirán o volume de horas de cada tramo escollido reservado para as necesidades de cobertura en PAC, que non poderá superar o 80% das totais salvo opción voluntaria
- a posibilidade de estender a xornada obrigatoria ata as 1570 horas en caso de insuficiencia da voluntariedade nun determinado PAC só pode estar referida ás horas estruturais que figuren vacantes na correspondente cartelera, non podendo usarse para cubrir continxencias
- en caso de ter que acudir a estender a xornada con carácter forzoso de forma excepcional, a comisión de seguimento definirá os criterios de chamamento así como o réxime de compensación cando se superen os límites horarios que se determinen
- a forma de cobertura das ausencias imprevisibles, cuxos criterios se determinarán na comisión de seguimento, estará orientada a establecer fórmulas que eviten a dispoñibilidade permanente do persoal voluntario e a garantir en todo caso o disfrute dos descansos regulamentarios incluído o dereito a un fin de semana libre ao mes como mínimo (según establecimos no acordo do 21/06/07)

3. Retribucións

Aplicación dos complementos de nocturnidade e festividade:

Gregorio Espino, 47
36205 VIGO

Tfnos: 986 262 679
986 827 968
986 827 969

Fax: 986 262 781

Correo-e:
executiva@cig-saude.org
Web:
www.cig-saude.org



S A U D E

CIG-SAÚDE
Executiva Nacional

2008: 40%

2009: 40%

2010: 20%

Ou ben:

2008: 50% con efectos do 1 de xaneiro

2009: 50% con efectos do 1 de xullo

Complemento de turnicidade:

Na comisión de seguimento do Acordo definiranse as condicións e os prazos para a aplicación dun complemento por traballo a turnos en desenvolvemento das condicións requiridas para esa consideración no Estatuto Marco e na Directiva 2003/88 sobre ordenación do tempo de traballo.

5. Persoal non sanitario de PAC

Debe eliminarse da redacción o criterio de “xeralización das prazas de persoal de xestión e servizos”, para que ese tema se debata ben na comisión de seguimento (opción que nos gusta menos) ou ben nun grupo de traballo da mesa sectorial (opción que nos gusta máis).

Debe cuantificarse o complemento a recoñecer aos Celadores, que nós propoñemos cifralo na diferenza retributiva actual entre a categoría de Celador e a de PSX, que é de 62 euros mensuais.

Agardamos que estas propostas sexan valoradas axeitadamente e que permitan acadar un acercamento definitivo.

Quedamos a disposición para calquera contacto ou dúbida que esta proposta poda suxerir. Atentamente,

Vigo, a 14 de febreiro de 2008

Asdo/ Xoán Cons
Secretario Xeral de CIG-Saúde

Gregorio Espino, 47
36205 VIGO

Tfnos: 986 262 679
986 827 968
986 827 969

Fax: 986 262 781

Correo-e:
executiva@cig-saude.org
Web:
www.cig-saude.org